

002903 27.03.2015 08:29

RESOLUCIÓN REITORAL DO 26/03/2015 POLA QUE SE APROBA O PROCEDEMENTO PARA A ACREDITACIÓN DO NIVEL DE COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS SEGUNDO O MECR MEDIANTE EXPEDICIÓN DE CERTIFICACIÓNS AUTOMATIZADAS

A demanda de acreditación de competencias lingüísticas fai necesario que determinados procedementos deban de ser axilizados e determinadas actividades deban ser automatizadas.

A implantación progresiva das novas tecnoloxías e a regulación da administración electrónica favorecen que moitos destes trámites e os seus resultados teñen plena validez fronte a propia administración actuante e fronte a outras administracións.


Así, ao abeiro da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ao Servizos Públicos os documentos electrónicos teñen a mesma validez que os documentos ordinarios sempre que teñan as características establecidas na Lei e na normativa de desenvolvemento.

Tamén se contempla que a partir da petición se poidan xerar documentos automatizados para acreditar determinadas circunstancias, algo que xa se ven utilizando en diversas administracións públicas.

Neste intre a USC acredita a superación do B1 mediante a superación de cursos de nivel B1 e superior segundo o MECR no Centro de Linguas Modernas (CLM), superando exames e acreditando realización de estancias por mobilidade estudantil en programas europeos (Erasmus+...), e esta acreditación podería ser xerada automaticamente.

Deste xeito faise necesario establecer os modelos de documentos de acreditación e por outro que os sistemas de acreditación sexan automatizados, unha vez recepcionadas as actas ou a realización das actividades requiridas.

A Resolución Reitoral do 11/07/2012 pola que se aprobou a política de utilización de certificados electrónicos establece no seu artigo 3 "Certificados de selo de órgano" que a USC concretará mediante resolución reitoral os procedementos nos que se utilizará o selo de órgano. Así mesmo, este será o sistema ordinario de sinatura das certificacións que pasen a ser expedidas de



modo automatizado, ao abeiro do artigo 18 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ao Servizos Públicos

Deste xeito esta resolución establece o procedemento de acreditación de competencias lingüísticas segundo o MECR e de expedición de acreditacións automatizadas.

Por todo o anterior esta Reitoría Resolve:

Primeiro.- Solicitud de acreditación de competencias lingüísticas mediante a realización de cursos no CLM

O alumnado da USC que realice cursos de idiomas no CLM, unha vez matriculado e abonadas as taxas que correspondan, e sempre que supere un determinado nivel de lingua segundo o MECR, poderá solicitar a correspondente acreditación do nivel de lingua superado, conforme ao modelo do anexo II.

Con independencia da súa inclusión no expediente do alumnado, a acreditación de ter superado un determinado nivel de idioma segundo o MECR deberá solicitarse por medios electrónicos a través da Secretaría Virtual do alumno, e será expedida de forma automatizada conforme ao modelo de acreditación que figura no anexo II, que poderá ir en modelo bilingüe ou trilingüe.

O certificado acreditativo estará dispoñible na Sede electrónica da USC e poderá ser obxecto de consulta e verificación por calquera interesado mediante o acceso a través do Código Seguro de Verificación do documento.

A solicitude e expedición telemática non comportará pagamento de prezos.

Segundo.- Solicitud de acreditación de competencias lingüísticas mediante a realización de probas PCL B1, PCL B2 no CLM compostas dos exames escritos B1-A, B2-A e orais B1-B, B2-B

O alumnado da USC que realice probas PCL de idiomas no CLM, unha vez matriculado e abonadas as taxas que correspondan, e sempre que supere un determinado nivel de lingua segundo o MECR, poderá solicitar a correspondente acreditación do nivel de lingua superado.

O alumnado que supere o exame escrito B1-A ou B2-A no CLM e achegue a certificación de superación dun exame oral equivalente ao exame B1-B ou B2-B

do CLM, recoñecido internacionalmente (Expresión Oral - English Speaking, nivel B1, B1 High ou superior de BULATS -Cambridge English-, etc.), será eximido polo CLM da realización do exame B1-B no propio CLM. A estes efectos o CLM o incluírá como superado na correspondente acta das probas.

Con independencia da súa inclusión no expediente do alumnado, a acreditación de ter superado un determinado nivel de idioma segundo o MECR deberá solicitarse por medios electrónicos a través da Secretaría Virtual do alumno e será expedido de forma automatizada conforme ao modelo de acreditación que figura no anexo I e que poderá ir en modelo bilingüe ou trilingüe.

O certificado acreditativo estará dispoñible na Sede electrónica da USC e poderá ser obxecto de consulta e verificación por calquera interesado mediante o acceso a través do Código Seguro de Verificación do documento.

A solicitude e expedición telemática non comportará pagamento de prezos.

Terceiro.- Solicitude de acreditación do nivel B1 de idiomas mediante a superación da proba de competencia lingüística B1 (PCL B1) e a realización de intercambio

De conformidade co Acordo do Consello de Goberno celebrado o día 31 de outubro de 2013, sobre *recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao*, os alumnos que participaran en programas de mobilidade en universidades estranxeiras, se lles incorporará no expediente, unha vez finalizado o programa de mobilidade dun curso académico, o recoñecemento do nivel B1 no apartado "outros estudos", sempre que estean acreditados ambos extremos.

O alumnado da USC que supere o exame da parte A da proba de competencia lingüística B1 (PCL) no CLM e teña acreditada a realización do intercambio no idioma polo Servizo de Relacións Exteriores, sen prexuízo da súa inclusión no expediente do alumnado, poderá solicitar a acreditación independente de ter superado o nivel B1 do nivel de idioma.

Esta acreditación deberá solicitarse por medios electrónicos a través da Secretaría Virtual do alumno e será expedido de forma automatizada conforme ao modelo de acreditación que figura no anexo I.

Cuarto.- Expedición de Certificacións

A expedición das certificacións do presente procedemento farase mediante a súa posta a disposición na secretaría virtual ou mediante comparecencia en Sede.

Quinto.- Efectos das acreditacións

Estas acreditacións en formato de certificacións serán expedidas de modo automatizado ao abeiro do artigo 18 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ao Servizos Públicos. As acreditacións, en tanto documentos electrónicos, teñen a mesma validez que os documentos ordinarios de conformidade coa citada Lei.

Sexto.- Sistema de identificación das acreditacións

O sistema de identificación e a autenticación do exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada realizarase mediante o Selo electrónico da USC, baseado en certificado electrónico, e con Código seguro de verificación. A comprobación da integridade do documento realizarase mediante o acceso ao repositorio institucional de documentos mediante o Código Seguro de Verificación que se insire no documento.

O certificado electrónico incluírá o número de identificación fiscal e a denominación correspondente.

As características do selo de órgano da USC figuran na Sede Electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/identificacionENormativa.htm>.

A Secretaría Xeral, como custodio do Selo electrónico da USC, acordou o uso do selo no desenvolvemento deste proceso e velará polo seu uso con todas as súas garantías.

Sétimo .- Outras acreditacións do CLM

A acreditación doutros extremos ou datos sobre cursos, probas, docencia , etc . do CLM deberá solicitarse a través dos Rexistros Xerais da USC , mediante a Sede Electrónica ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 LRXAP-PAC



Admitida a trámite a solicitude a Secretaría Administrativa do CLM será a responsable de elaborar o certificado, que deberá ser asinado por quen teña a competencia para realizar a acreditación dos extremos que se solicitan.

Estas Certificacións poderanse expedir en documento electrónico coa sinatura electrónica do órgano responsable e poderán ser notificadas por comparecencia en Sede se así o indica o interesado.

Disposición transitoria.-

O presente procedemento estará operativo na Secretaría Virtual en xuño de 2015 e incorporarse na Sede Electrónica no momento no que estea operativo.

Disposición adicional

Facultase a Secretaria Xeral para desenvolver aspectos técnicos e procedimentais en desenvolvemento desta resolución, incluíndo a modificación dos formatos.

Disposición Final

O presente acordo entrará en vigor dende a data de publicación no taboleiro electrónico da USC, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria.

Santiago de Compostela, 26/03/2015

O Reitor



Juan M. Viaño Rey



ANEXO I

MODELO DE ACREDITACIÓN DE PROBAS

ACREDITACIÓN COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS SEGUNDO O MARCO
EUROPEO COMÚN DE REFERENCIA (MECR)

D./Dona..... Secretario/a Xeral da Universidade de Santiago de
Compostela, Universidade Pública con CIF 151800A

CERTIFICO:

Que D/Dona. --- con DNI/NIE/Pasaporte nº, superou nesta universidade
o nivel correspondente ao Marco Europeo Común de Referencia (MECR).

E para que así conste, a pedimento do interesado, expídese a presente
Certificación automatizada que se acredita con selo de órgano e código seguro
de verificación, de conformidade coa *Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso
electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.*

Titular do órgano

ANEXO II

MODELO DE ACREDITACIÓN DE CURSOS

D./Dona..... Secretario/a Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, Universidade Pública con CIF 151800A

CERTIFICO:

Que D./Dona. --- DNI/NIE/Pasaporte nº, superou nesta Universidade no seu Centro de Linguas Modernas no período..... o curso de, co nivel¹:....., de horas/ Créditos coa cualificación de na modalidade de.....no campus de

E para que así conste, a pedimento do interesado, expídese a presente Certificación automatizada que se acredita con selo de órgano e código seguro de verificación, de conformidade coa *Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos*.

Titular do órgano

¹ Nivel correspondente ao Marco Europeo Común de Referencia (MECR). Os niveis A1, A2, B1, B2, C1, C2 indican ter completo o devandito nivel. O resto dos niveis indican que se está en proceso de completalo, o cal se fragmenta en varios cursos (A1.1, B2.1.1, etc.).